



**CONCELLO DE POIO**

**Ref: MC**

**(Secretaría)**

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D<sup>a</sup>. Irene Ligerio Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia o Concelleiro D. Angel Moldes Martínez por enfermidade actuando como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3339.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29/12/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta da sesión realizada con data 29 de decembro de 2010, núm. 432, a que quedou aprobada por unanimidade

3340.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta aos membros da Corporación presentes na sesión do estado de execución dos acordos precedente e que son os que segue: "3334.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE REVISIÓN PREZOS CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA ANO 2009, CESP, SA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de Intervención e notificouse á empresa concesionaria; 3335.- MOCIÓN DO

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RECTIFICACIÓN DO GOBERNO CENTRAL NA SÚA INTENCIÓN DE DESMANTELAR O EQUIPO DE EXPERTOS EN PREVENCIÓN EN CONTAMINACIÓN MARIÑA QUE OPERABAN DESDE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia do Goberno Central e á Presidencia da Xunta de Galicia; 3336.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A FEMP E SGAE DE 29-10-96.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á unidade correspondente da súa tramitación; 3337.- MOCIÓN DA FEMP (FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS) SOBRE PRESIDENCIA ESPAÑOLA DA UNIÓN EUROPEA 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á FEMP; 3338.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA DEMANDAR DE PORTOS DE GALICIA O CUMPRIMENTO DOS CONVENIOS PARA A EXECUCIÓN DA ZONA PORTUARIA DE RAXÓ E COVELO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia e a Portos de Galicia."

A corporación dáse por enterada.

3341.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3342.- ESCRITO DO CONCELLO DE VILABOIA REMITINDO CERTIFICACIÓN PLENARIA DE 25 DE NOVEMBRO DE 2009 SOBRE REDUCION DA LIÑA DE COSTAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión de data 19 de xaneiro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do escrito remitido polo Concello de Vilaboa, de data 11 de xaneiro de 2010 que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 14 de xaneiro de 2010, xuntando certificación do acordo adoptado polo Pleno desa corporación en sesión ordinaria realizada o día 25 de novembro de 2009 con relación á redución da liña de costas, no que solicitan a equiparación do solo non urbanizable en núcleo rural existente tradicional, posteriormente solo de núcleo rural, ao solo urbano aos efectos da redución da liña de protección de Costas prevista na disposición transitoria 3.3 da Lei 22/1988, de 22 de xullo de Costas, e remitir o acordo aos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia, aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados e a todos os concellos costeiros de Galicia e a FEGAMP.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando que Costas do Estado non recoñece os núcleos

rurais como chan urban. Nós temos algún núcleo afectado no Concello que serían "Lourido" e "Covelo", polo que sería bo adherirnos.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou que previo informe da arquitecta municipal se someta o expediente á consideración do Pleno."

Igualmente dáse conta dos informes emitidos polo Asesor Xurídico do Concello de data 20/01/2010 e informe da arquitecta municipal de data 21/01/2010 e que din textualmente:

**Informe emitido polo Asesor Xurídico:** "Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Vilaboa (Pontevedra), en sesión celebrada o 25 de novembro de 2009, solicitando a equiparación do solo de núcleo rural existente tradicional ó solo urbano ós efectos de que se reduza a servidume de protección a 20 m. desde o límite interior da ribeira do mar; motivado este acordo polo informe preceptivo da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, desfavorable á redución de 100 m. a 20 m. a liña de servidume de protección en varios lugares do Concello de Vilaboa, a petición do concelleiro de Urbanismo deste Concello de Poio, teño a ben informa-lo seguinte:

PRIMEIRO: Efectivamente a Lei de Costas 22/1988, de 28 de xullo, na súa disposición transitoria terceira prevé a redución da servidume de protección a 20 m., para aqueles terreos cualificados como solo urbano á entrada en vigor de dita lei, non aclarando nada esta Lei de Costas se este precepto sería ou non aplicable ós núcleos rurais tradicionais, preexistentes, que xa existían na comunidade autónoma de Galicia desde antes da entrada en vigor da Lei de Costas.

SEGUNDO: E como queira que estes núcleos rurais tradicionais viñeron existindo en Galicia con anterioridade á Lei de Costas, ó formular os Concellos costeiros de Galicia, entre eles o Concello de Poio, o planeamento urbanístico municipal, sempre se atoparon os concellos galegos co informe preceptivo e non vinculante da Dirección Xeral de Costas do Estado que se opoñía a reduci-la servidume de protección a 20 m. dentro dos núcleos rurais tradicionais xa existentes, por entender que os núcleos rurais de Galicia non poden ser equiparables ó solo urbano previsto na Lei de Costas para toda España, a Xunta de Galicia intentou por tres leis solucionar o problema existente, permitindo a redución da servidume de protección a 20 m. nos núcleos rurais afectados pola Lei de Costas e cuxas leis son as seguintes:

a) Disposición Adicional Sexta da lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia, que dispón o seguinte: "Será de

aplicación ós núcleos rurais preexistentes de carácter tradicional contemplados na Lei 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación da Lei do Solo de Galicia, e ó solo del núcleo rural, previsto na presente Lei, o réxime previsto no número 3 da disposición transitoria terceira da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, así como o establecido no número 3 da disposición transitoria sétima e nos números 1 e 3 da disposición transitoria novena do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución de dita Lei de Costas"

Este precepto da lei do Solo de Galicia, 1/1997, de 24 de marzo, facultaba ós concellos galegos para poder formular nos seus plans de ordenación, reducindo a servidume de protección a 20 m., equiparándose o solos de núcleo rural ós solos urbanos da lexislación estatal, pero, a pesar de que o Goberno Central non impugnou en prazo esta disposición adicional, estando a mesma en vigor varios anos, a realidade foi que ningún concello puido aplicar a mesma no seu planeamento urbanístico, por aparecer sempre o informe preceptivo desfavorable da Dirección Xeral de Costas do Estado, co que seguiron aprobándose os plans de ordenación e quedando incluídos os núcleos rurais existentes tradicionais afectados pola servidume de protección de 100 m.

b) A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, na modificación da mesma pola lei 15/2004, de 29 de decembro, volveu a aprobar unha disposición adicional terceira dos núcleos rurais afectados pola lexislación de costas, que dispón o seguinte: "Seranlles de aplicación ós núcleos rurais preexistentes de carácter tradicional previstos na lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do Solo á Galicia e ó Solo de Núcleo Rural previsto nesta lei ó réxime previsto no núm. 3 da disposición transitoria terceira da lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, así como o establecido no núm. 3 da disposición transitoria sétima e nos números 1 e 3 da disposición transitoria novena do Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da devandita Lei de Costas. "

Para aplicación e desenvolvemento desta disposición terceira, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que confirmaba a competencia da Xunta para a emisión de informes preceptivos e vinculantes en execución da lexislación de Costas

Sen embargo, esta segunda lei de Galicia xa foi impugnada polo Goberno Central, plantexando unha cuestión de inconstitucionalidade da lei galega, por que podía vulnerar o art. 149.1.23 da Constitución, que regula as competencias exclusivas do Estado, quedando suspendida a súa aplicación mentres non se resolverse a cuestión de

inconstitucionalidade, polo que non puido aplicarse esta disposición adicional ós plans de ordenación que formulaban os concellos galegos.

c. E por último a lei 18/2008, de 29 de decembro, de Vivenda de Galicia, volveu a incluír unha disposición adicional segunda, pola que se modificou e dóuselle nova redacción á indicada disposición adicional terceira da lei 9/2002, de 30 de decembro, e dispón o seguinte:

"Segunda.-Modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.

Modifícase a disposición adicional terceira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional terceira. Núcleos rurais preexistentes de carácter tradicional afectados pola lexislación de costas.

1. Aos núcleos rurais preexistentes de carácter tradicional previstos na Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, seralles aplicable o réxime previsto no punto 3 da disposición transitoria terceira da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, así como o establecido no punto 3 da disposición transitoria sétima e nos puntos 1 e 3 da disposición transitoria novena do Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da devandita Lei de costas, cando, á entrada en vigor desta última, concorria neles algún dos seguintes supostos:

a) En municipios con planeamento, os terreos clasificados de solo urbano de núcleo rural, así como aqueles que reunían algún dos seguintes requisitos:

-Que contaban con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica.

-Que, aínda carecendo dalgún dos servizos citados no guión anterior, estaban comprendidos en áreas consolidadas pola edificación como mínimo nas dúas terceiras partes da súa superficie, de conformidade coa ordenación aplicable.

b) En municipios sen planeamento, os terreos que reunían algún dos seguintes requisitos:

-Que contaban con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica.

-Que, aínda carecendo dalgún dos servizos citados no guión anterior, estaban comprendidos en áreas consolidadas pola edificación como mínimo na metade da súa superficie.

2. Regulamentariamente estableceranse a documentación e o procedemento para determinar as áreas en que concorren os requisitos sinalados no punto anterior.

3. Nos deslindes do dominio público marítimo terrestre o límite interior da súa zona de servidume de

protección deberá axustarse á realidade urbanística preexistente recoñecida expresamente pola Administración urbanística autonómica."

Este terceiro intento da Xunta de Galicia de asumir mais competencias na fixación da servidume de protección cando se trate de núcleos rurais preexistentes de carácter tradicional, tamén foi impugnada polo Goberno Central, promovendo outra cuestión de inconstitucionalidade, polo que tampouco pode aplicarse ós plans de ordenación que formulen os concellos, como lle sucedeu ó Concello de Vilaboa, co informe desfavorable da Dirección Xeral de Costas do Estado.

E como queira que os núcleos rurais tradicionais preexistentes á lei de Costas, que existán en toda Galicia, teñen unhas características similares, por non dicir idénticas, desde do punto de vista constructivo e tradicional, ós núcleos ou conxuntos declarados de interese histórico, debería dársele, desde o punto de vista urbanístico, preferencia á normativa urbanística que aprobe a Xunta nestes núcleos tradicionais preexistentes, a mesma preferencia con respecto á Lei de Costas, que a que teñen os conxuntos históricos, como sucede actualmente en Poio no núcleo de Combarro, cuxa normativa urbanística do mesmo aplícase con preferencia á Lei de Costas, non afectando a dito núcleo a servidume de protección da Lei de Costas.

Por todo iso, considera este informante que, previo informe da Arquitecto Municipal indicando os núcleos rurais tradicionais e mixtos existentes no Plan Xeral de Ordenación de Poio, que están afectados pola zona de servidume de protección de 100 m., pode o Pleno da corporación adopta-lo acordo de solicitar do Goberno Central que retire as dúas cuestións de inconstitucionalidade que promoveu ante o Tribunal Constitucional, contra a disposición adicional terceira da lei 15/2004, de 29 de decembro e da lei 18/2008 de 29 de decembro de Vivenda de Galicia, por considerar que a regulación contida en dita disposición adicional terceira non é competencia exclusiva do Estado, senón que é competencia das comunidades autónomas, xa que ó aprobar os plan xerais de ordenación municipal o informe de Costas do Estado, en canto á fixación do ancho da servidume de protección é preceptivo, pero non vinculante para a Xunta de Galicia, mentres que o informe da comunidade autónoma, previo á aprobación dos plan xerais, é preceptivo e vinculante, polo que debía prevalecer sobre o informe que emita a Dirección de Costas do Estado.

Igualmente, pode solicitarse do Goberno Central que propoña unha modificación da Lei de Costas, incluíndo unha disposición adicional idéntica á redactada pola disposición adicional terceira da lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de

Galicia, introducida pola lei 18/2008, de 29 de decembro de Vivenda de Galicia, recoñecendo legalmente a competencia da Xunta de Galicia para fixar en 20 m. a servidume de protección nos núcleos rurais preexistentes, a través do informe preceptivo e vinculante que en materia de urbanismo lle corresponde en exclusiva á comunidade autónoma de Galicia.

E que o acordo que se adopte se comunique á Xunta de Galicia, Goberno Central e municipios costeiros de Galicia para que adopten o acordo que consideren procedente. "

**Informe emitido pola Arquitecta Municipal:** "En contestación ó informe do Asesor xurídico de 20/01/2010 solicitando informe que indique os núcleos rurais tradicionais e mixtos existentes no PXOM que estean afectados pola zona de servidume de protección de costas de 100m, a técnico municipal emite o seguinte informe:

Examinados os planos de ordenación do PXOM (07, 08 e 09) debo dicir que os núcleos de poboación clasificados como solo de núcleo rural (SNR) cuxa clasificación vese interrompida pola de solo rústico de protección de costas (SRPC) resultante da servidume de protección de 100m son os seguintes:

Núcleos rurais mixtos: Espedregada, Chancelas, A Seca, Casalvito e Portosanto.

Núcleos rurais tradicionais: Mato.

Debe de terse en consta que a identificación e tipificación dos núcleos no vixente PXOM responde ó concepto de núcleo de poboación definido no artigo 75º da Lei 1/1997, do solo de Galicia, e ó artigo 38º das Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Pontevedra. "

Dito expediente foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 26 de xaneiro de dous mil dez na que se acordou solicitar do Goberno Central que retire as dúas cuestións de inconstitucionalidade que promoveu ante o Tribunal Constitucional, contra a disposición adicional terceira da Lei 15/2004, de 29 de decembro e da Lei 18/2008 de 29 de decembro de Vivenda de Galicia, do mesmo xeito tamén debe solicitarse do Goberno Central que propoña unha modificación da Lei de Costas, incluíndo unha disposición adicional idéntica á redactada pola disposición adicional terceira da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, introducida pola Lei 18/2008, de 29 de decembro de Vivenda de Galicia, recoñecendo legalmente a competencia da Xunta de Galicia para fixar en 20 m. a servidume de protección nos núcleos rurais preexistentes.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que o asunto tramitouse na Comisión Informativa de Urbanismo. Vilaboa pide que se dé o mesmo tratamento aos chans urbanos que aos núcleos rurais. O Goberno Central ten este tema recorrido.

O Sr. Domínguez Lino di que o Grupo do Partido Popular está de acordo e solicita que se comunique igualmente á Xunta de Galicia e ao Goberno Central nos termos do pronunciamento e aos municipios costeiros de Galicia.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo este quedou aprobado por unanimidade adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Solicitar do Goberno Central que retire as dúas cuestións de inconstitucionalidade que promoveu ante o Tribunal Constitucional, contra a disposición adicional terceira da Lei 15/2004, de 29 de decembro e da Lei 18/2008 de 29 de decembro de Vivenda de Galicia.

**Segundo:** Solicitar do Goberno Central que propoña unha modificación da Lei de Costas, incluíndo unha disposición adicional idéntica á redactada pola disposición adicional terceira da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, introducida pola Lei 18/2008, de 29 de decembro de Vivenda de Galicia, recoñecendo legalmente a competencia da Xunta de Galicia para fixar en 20 m. a servidume de protección nos núcleos rurais preexistentes.

**Terceiro:** Comunicar este acordo á Xunta de Galicia, Goberno Central e aos municipios costeiros para que adopten o acordo que consideren procedente.

3343.- RATIFICACIÓN ACORDOS XGL APROBACIÓN PROXECTOS DE INVESTIMENTOS A FINANCIAR CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTIBILIDADE LOCAL 2010.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 18 de xaneiro de 2010, números 7534 "Proxecto de construción de pista polideportiva na Caeira", 7535 "Creación dun plano de rúas dixital de Poio", 7536 "Proxecto de adecuación e mellora do pavillón municipal da Seca", 7537 "Proxecto de substitución da rede de abastecemento e mellora da rede de saneamento da travesía Viñas", 7538 "Proxecto de subministro, instalación e formación dun sistema insformático de xestión, consultoría e calidade para a Policía Local de Poio", 7539 "Proxecto de saneamento en Arís e Sartal" e 7542 "Proxecto de recuperación do valo no entorno natural protexido do Pazo Besada" nos que se presta aprobación aos proxectos anteditos e solicítase a súa inclusión con cargo ao Fondo



Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local. Explica así mesmo que se debe de dar conta ao pleno dos mesmos na primeira sesión xa que os mesmos non están incluídos no Anexo de investimentos do orzamento xeral municipal do exercicio 2009 prorrogado para o exercicio 2010.

O Sr. Domínguez Lino di que non é o momento de gastar 170000 € en pavimentos e 60000 € na recuperación do Pazo de Besada.

O Sr. Agís Gómez di que o Pazo de Besada ten espazos importantes que necesitan recuperarse, teñen moito valor e se queremos por en marcha ese contorno temos que realizar investimentos. No que se refire ás sinais é unha demanda da cidadanía e entendemos que é un investimento necesario.

O Sr. Barreiro Lubián di que todas as obras poden ser criticables o que ocorre é que dicimos que neste momento non é o momento nós non entendemos que é un momento calquera para facer investimentos. Eu creo que a recuperación das árbores xa é un momento tardío para facelo.

En canto á sinalización non sei se o máis importante é facer un bo saneamento ou proxectos de auga pero o mellor é dar servizos aos veciños.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS A CONCELLEIRA D<sup>a</sup>. LUZ SENRA LORENZO.

A Sra. Besada Lores manifesta que nunha ocasión o Grupo Municipal do Partido Popular nunha sesión realizada pola Comisión Municipal de Urbanismo reclamou unha mellor sinalización no municipio e alegou dificultades para os carteiros en encontrar os enderezos por falta de sinais.

O Pazo de Besada é un contorno a conservar. Ahí hai unha especie única en toda Galicia e entendemos que debemos conservalo.

Sobre as outras obras diría que se está abordando todos os temas, incluso se recolleu as obras no pavillón que reclamástedes.

O Pleno, ao abeiro do establecido no art. 16 do Regulamento Orgánico Municipal, por unanimidade de asistentes acordou ratificar os acordos adoptados nas sesións realizadas o 18 de xaneiro de 2010, números 7534 "Proxecto de construción de pista polideportiva na Caeira", 7535 "Creación dun plano de rúas dixital de Poio", 7536 "Proxecto de adecuación e mellora do pavillón municipal da Seca", 7537 "Proxecto de substitución da rede de abastecemento e mellora da rede de saneamento da travesía Viñas", 7538 "Proxecto de subministro, instalación e formación dun sistema insformático de xestión, consultoría e calidade para a Policía Local de Poio", 7539 "Proxecto de

saneamento en Arís e Sartal" e 7542 "Proxecto de recuperación do valo no entorno natural protexido do Pazo Besada", nos que se presta aprobación aos proxectos anteditos e solicítase a súa inclusión con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse a que segue.

3344.- RATIFICACIÓN ACORDOS XGL APROBACIÓN PROXECTOS DE INVESTIMENTOS A FINANCIAR CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTIBILIDADE LOCAL 2010.- En virtude do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais polo Sr. Presidente, sométese á consideración do Pleno da Corporación por razón de urxencia a ratificación dos acordos adoptados pola xunta de Goberno Local do 25 de xaneiro de 2010, numeros 7562 "Reformado primeiro de proxecto de execución para a restauración do edificio in situ en una esquina de la Finca González Besada", 7563 "Proxecto de recuperación da ruta fluvial dos muiños e integración no casco urbano Samieira" , 7564 "Construción de circuitos biosaludables nas áreas naturais do Concello de Poio", 7565 "Proxecto de mellora no saneamento, abastecemento e iluminación pública da Seca", 7566 "Proxecto de adecuación de espazos deportivos en Boa Vista", 7567 "Proxecto de adecuación interior sen uso específico do edificio dos caseiros", 7584 "Proxecto de mellora da mobilidade e da seguridade vial no municipio de Poio" e 7585 "Proxecto de mellora e recuperación de hábitats naturais do Pazo Besada", nos que se presta aprobación aos proxectos anteditos e solicítase a súa inclusión con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local. Explica así mesmo que se debe de dar conta ao pleno dos mesmos na primeira sesión xa que os mesmos non están incluídos no Anexo de investimentos do orzamento xeral municipal do exercicio 2009 prorrogado para o exercicio 2010.

Non subscitándose debate ningún, e sometida a votación a ratificación dos acordos anteditos adoptados pola Xunta de Goberno Local, obtívose o seguinte resultado:

1º Ratificación dos acordos 7562 "Reformado primeiro de proxecto de execución para a restauración do edificio in situ en una esquina de la Finca González Besada", 7563 "Proxecto de recuperación da ruta fluvial dos muiños e integración no casco urbano Samieira", 7564 "Construción de circuitos biosaludables nas áreas naturais do Concello de Poio", 7565 "Proxecto de mellora no saneamento, abastecemento e iluminación pública da Seca", 7566

"Proxecto de adecuación de espazos deportivos en Boa Vista", 7567 "Proxecto de adecuación interior sen uso específico do edificio dos caseiros", quedaron aprobados por unanimidade.

2º Ratificación dos acordos números 7584 "Proxecto de mellora da mobilidade e da seguridade vial no municipio de Poio" e 7585 "Proxecto de mellora e recuperación de hábitats naturais do Pazo Besada", 10 votos a favor, 6 votos en contra e ningunha abstención.

3345.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE POIO, NA QUE SE SOLICITA A DERROGACIÓN DAS "BASES PARA A ELABORACIÓN DO DECRETO".- En virtude do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais polo Sr. Presidente, sométese á consideración do Pleno da Corporación por razón de urxencia unha moción subscrita polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Poio en relación co novo Decreto sobre o uso das linguas no ensino, quedando aprobado por maioría o seu tratamento polo Pleno con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra (6 PP) e ningunha abstención.

Unha vez aprobado a urxencia pola Secretaria presente na sesión dáse conta do texto da moción presentado no que tras unha ampla exposición de motivos solicitan do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Retirar o borrador do novo decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.

2º.- Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.

3º.- Tomar as medidas precisas que garantan a competencia plena do alumnado nas dúas linguas ao remate da ensinanza secundaria obrigatoria.

4º.- Presentar un plan de aprendizaxe de linguas estranxeiras factible e rigoroso que continúe e potencie as medidas iniciadas na anterior lexislatura, coa súa correspondente dotación económica.

5º.- Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de normalización lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plno de normalización lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentares.

6º.- Constituír no Parlamento de Galiza unha comisión parlamentaria na que estén presentes as tres forzas

políticas e que conte coa participación das distintas institucións, sectores sociais e membros da comunidade educativa, asesores e especialistas e que teña como obxectivo a redacción dun texto que reflita o consenso en materia lingüística.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián no que explica que o decreto que sacou a Xunta de Galicia é unha consecuencia do que prometeu cando pensaba que non ía a gobernar. Todos rexeitan este decreto e ante esta situación que se está a dar parece lóxico que se retire e se consensueúe un novo texto.

A Sra. Besada Lores di que este decreto ten a todos en contra. Nos 4 últimos anos duplicamos as redes de centros nas escolas oficiais de idiomas pero non se pode tratar que se ensine as asignaturas en 3 idiomas, estamos de acordo en que se estude inglés pero non con asignaturas trilingües.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que estamos ante un borrador e non imos a discutilo porque xa se está a discutir estes días con sindicatos pais e nais de alumnos/as, Real Academia Galega e sen embargo a plataforma está non apareceu. Con este decreto pasarase da imposición á liberdade. Ao plurilingüismo.

A Sra. Caldas Moreira di que a democracia non remata nas urnas senón que empeza. Agora mesmo, o galego é o idioma máis desfavorecido e non se pode utilizar como ferramenta política nin arma electoral.

O Sr. Barreiro Lubián di que é máis fácil atopar xente falante en castelán que en galego.

Estudar inglés está ben pero o 80% da poboación non o saben e ao mellor nin o necesitan. Se os que vivimos en Galicia non falamos galego este desaparece e iso supón unha perda de cultura e a algún interésalle en que desaparezca. Este decreto é dunha demencia absurda e dun descoñecemento absoluto do idioma deste país.

O Sr. Agís Gómez di que si miramos a prensa, a maioría é en castelán, a radio tamén e a realidade é que o idioma que se impuxo foi o castelán e agora o que se pretende é potenciar o estranxeiro pero non é lóxico que se poña ao mesmo nivel que o galego e castelán.

A Sra. Diaz Iglesias di que o que se pide é que se retire o decreto porque está baseado en mentiras: sobre a introdución do inglés é unha pantalla de fume que suporá un 70% en castelán e un 30% en galego.

Para rematar a quenda de deliberación intervén O Sr. Alcalde e explica que se trata unha moción que ten dúas linguas recoñecidas segundo a constitución. Cando se fala de liberdade, sería prudente ter liberdade para pedir clase so en galego? Isto podería ser entendido como unha imposición e porque o inglés. Cando falan de liberdade tamán o PP podería topar con moitos países que pedirán toda a lingua en galego.

Sometido a votación a moción conxunta presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e polo Grupo Municipal do Partido Socialista esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Retirar o borrador do novo decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.

2º.- Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.

3º.- Tomar as medidas precisas que garantan a competencia plena do alumnado nas dúas linguas ao remate da ensinanza secundaria obrigatoria.

4º.- Presentar un plan de aprendizaxe de linguas estranxeiras factible e rigoroso que continúe e potencie as medidas iniciadas na anterior lexislatura, coa súa correspondente dotación económica.

5º.- Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de normalización lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plno de normalización lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentares.

6º.- Constituír no Parlamento de Galiza unha comisión parlamentaria na que estén presentes as tres forzas políticas e que conte coa participación das distintas institucións, sectores sociais e membros da comunidade educativa, asesores e especialistas e que teña como obxectivo a redacción dun texto que reflita o consenso en materia lingüística.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e vinte e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria xeral, dou fe.